

Medios, “realidade” e significación.¹

Tony Bennett.

Na entrega dos premios nacionais de prensa de 1977, James Callaghan referiuse ós medios de comunicación dicindo que eran “o espello que se ofrece á sociedade”. Abofé que é analoxía trillada. O concepto do espello, coa correspondente serie de preguntas (¿Ofrecen os medios imaxes fieis da realidade ou reflicten o real de xeito unilateral e distorsionante?), foi obsesiva nos estudos de comunicación des que empezou a habelos. Con todo, a dificultade da analoxía está na suxerencia de que se pode trazar liña divisoria entre a “realidade” ou sociedade e, por outra banda, o mundo das representacións. Implica que os medios son secundarios e derivados; en certo xeito, menos reais có “real” que reflicten, que existen por riba da sociedade e que a reflicten pasivamente en troques de formar parte activa e integral dela. Suxírese que, igual ca un espello, só reflicten o que se pon por diante deles por cousas da propia estrutura do real.

O certo é que a devandita dificultade non se limita ós estudos de comunicación. A teoría do signo tal e como se desenvolveu nos estudos de Ferdinand de Saussure, fundador da lingüística moderna, postula a dualidade entre o mundo da significación e o da “realidade” (dualidade que Saussure mantivo viva na distinción entre signo e referente) e, analogamente, implica que o signo está dalgún xeito subordinado e gobernado polo referente (véxase Mac Cabe, 1978, capítulo 4). O mundo dos signos só pode significa-la realidade que lle vén dada; os medios de comunicación só poden reflecti-lo que xa está aí. Por ser subalterno a respecto da realidade que reflicte, o mundo dos signos só ten garantida unha existencia sombriza, crepuscular; “paira” na “realidade” a xeito de apéndice etéreo, derivando a substancia que se lle apón só do que neles se reflicte.

Hai aportacións máis recentes da teoría lingüística que tiraron nunha dirección contraria á devandita, salientando non só a materialidade independente do significante (a “corporeidade” do signo) senón tamén a actividade e efectividade da significación a xeito de proceso que constrúe activamente mundos cognitivos en troques de só reflectir pasivamente a realidade preexistente. Amais, se noutrora se adoitaba salienta-la prioridade do significado sobre o significante, da “realidade” sobre os signos, arestora esa relación parece invertirse, pois hai quen mantén que o significante pre-existe e ten prioridade sobre o significado. O signo ordena o mundo.

Hai unha percepción aparentemente similar que fai de telón de fondo á pretensión de que se debe considera-los medios “definidores da realidade social”. Certo é que a frase mantén certa dualidade, certa ambigüidade de formulación que é crucial (hai primeiro a realidade, o “real real”, e logo están os medios, os “definidores” que, segundo veremos, seguen a ser fonte de importantes dificultades teóricas). Á vista de tal cualificación, a pretensión concédelle ós medios, e ós termos de significación que propoñen, algo diferente dunha función secundaria e especular na vida social. Suxerir que os medios deberían concebirse a xeito de “definidores da realidade social” é suxerir que a elección

¹ Versión galega de “Media, “reality”, signification” en M. Gurevich, T. Bennett, J. Curran e J. Wollacott (eds.), *Culture, Society and the Media*. Londres: Routledge, 1982, pp. 287-308.

de *qué* “acontecementos” “contan” os medios e as *maneiras* en que se significan ten relación coas maneiras que temos de percibi-lo mundo e entón, se a acción ten algunha relación co pensamento, coas maneiras en que actuamos. É afirmar que os medios son axencias de mediación, que ó contar acontecementos tamén propoñen certos marcos para a interpretación de tales acontecementos, moldeando ou estruturando a nosa consciencia de xeitos que teñen consecuencias políticas e sociais. Vistos nestes termos, os medios non están *á parte* da realidade social, reflectíndoa pasivamente e tornándolle ó mundo a súa propia imaxe, son *parte* da realidade social e contribúen ós contornos e a lóxica e dirección do desenvolvemento das sociedades por medio do xeito articulado no que forman as nosas percepcións.

Neste ensaio, o meu obxectivo é ilustra-lo tipo de afirmacións que se fixeron nesta tradición de teoría dos medios comentando tres niveis diferentes de práctica xornalística que foron obxecto de estudos e concepción por mor de trata-la función definidora da realidade que se lle apón ós medios. A primeira das prácticas é a función propagandística da prensa. É de dominio público que cada xornal segue certa liña de partido e que, á hora de procurar apoio público para a filosofía política que favorece, procura “vender” certa definición política particular dos acontecementos que conta. Reflictese nas editoriais, no uso da lingua e nas fotografías, nos titulares e noutros recursos semellantes. Ocupareime logo, neste nivel, das prácticas xornalísticas que deliberadamente contan acontecementos de xeitos que serven para promocionar concepcións políticas particulares á procura de obxectivos políticos quer explícitos, quer implícitos.

Tratarei, despois, do papel que xoga o xeito en que a prensa popular significa as actividades e comportamentos de varios grupos de “marxinais”, quere dicir, de grupos dos que se estima que o comportamento é transgresor ou ameazador para a cohesión das normas sociais dominantes (consumidores de drogas, criminais, siareiros do fútbol, “punks”, “rockers” e grupos semellantes). Será a miña preocupación a parte de traballo que fixeron as prácticas xornalísticas á hora de desenvolve-la ideoloxía de “lei e orde” dende a segunda metade dos anos sesenta. Finalmente, prestarei atención á medida en que se poida dicir que a cultura da política de consenso sexa o telón de fondo dominante no que os medios proxectan os acontecementos que contan. O noso interese vai centrarse nomeadamente nas noticias televisivas e en determina-lo grao que en, aínda que sexan neutrais en termos de partidos políticos (cousa á que están obrigadas por lei), segundo dixo o derradeiro director xeral da BBC, Sir Charles Curran, “nésganse a favor da democracia parlamentaria” (citado en Hall et al., 1976, p. 57). Nese nivel de análise, vou preocuparme, nomeadamente, non das nesgas conscientes, senón das nesgas “inconscientes” debidas ós presupostos da política de consenso encarnados nas ideoloxías e prácticas laborais dos comunicadores profesionais.

Sexa como for, vou preocuparme tamén de apuntar algunhas das dificultades asociadas con esta tradición das teorías dos medios de comunicación, nomeadamente no que atinxe ó xeito en que o mantemento implícito da analoxía do espello impide a actividade teórica adecuada das políticas da significación. Con todo, por mor das limitacións de espacio, vai cumprir que as críticas se fagan de xeito programático, en troques de se desenvolver de forma plena.

A POLÍTICA E OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

No ensaio “A vista volta á Guerra Civil Española”, escribiu Orwell:

“Decateime ben logo de que ningún acontecemento se conta nunca correctamente en xornal ningún, mais en España, por primeira vez, vin informacións xornalísticas que non tiñan relación ningunha cos feitos, nin mesmo a relación que se implica nunha mentira ordinaria. Vin informacións sobre grandes batallas cando non se combatera, silencio completo cando se mataran centos de homes. Vin aclamar tropas que nunca viran disparar unha bala como se fosen heroes de victorias imaxinarias, vin xornais de Londres repetir esas mentiras e intelectuais ávidos construír superestruturas emocionais por conta de cousas que nunca pasaran. Con efecto, vin como se escribía a historia non en termos do que acontecera, senón en termos do que tería que acontecer segundo as diferentes “liñas de partido” (Orwell, 1974, p. 233).

Para entende-los comentarios de Orwell verbo da cobertura de prensa da guerra civil, cómpre esquematiza-las circunstancias da loita. A grandes trazas, a situación política en Hespaña dende 1930 ó remate da guerra civil pode enxergarse en termos de loita polo poder entre tres forzas políticas confrontadas: os partidos burgueses republicanos (a unión republicana, a esquerda catalana e os nacionalistas bascos) que apoiaban un programa de reformas demócrata burgúes; as forzas burguesas de dereitas da grileira monárquica e fascista que puxo á cabeza a Franco e, en terceiro lugar, unha variedade de forzas políticas de clase obreira que mantiñan distintas ideoloxías comunistas, socialistas e anarco-sindicalistas. Durante boa parte da primeira metade dos trinta, o poder nominal detentouno unha sucesión de administracións encabezadas polas forzas burguesas republicanas. A base por conta da que se exercía o poder era excesivamente fráxil, e a democracia burguesa republicana era susceptible de sucesivos desafíos da esquerda e da dereita. O golpe final foi en xullo de 1936, cando Franco iniciou un golpe fascista pedindo o apoio do exército para fundar un estado autoritario.

Por mor de aprecia-la lóxica política da guerra civil, cómpre indicar que a resistencia a Franco veu de traballadores que en Barcelona, Madrid, Valencia, Málaga e moitos outros sitios colleron as armas, depuxeron as gornicións do exército e, por medio dunha serie de manobras antifascistas gañaron o control sobre aquelas provincias obrigando logo ás forzas de defensa burguesas-republicanas da propia república. Amais, ó facer tal, as forzas dos traballadores levaron a lóxica dos acontecementos alén da fase democrático-parlamentaria e tomaron o control da industria, impóndolle termos de produción de guerra, e pondo a armada so o control de comités elexidos sen atención á graduación. No rural, houbo tomas masivas de terras por parte dos labregos; queimáronse títulos de propiedade, hipotecas e rexistros de débedas e formáronse comités de labregos (ou comisións labregas) para organiza-lo abasto de alimentos ós traballadores da cidade. Podería, logo, manterse que e o que estaba en xogo na guerra civil non era só a defensa dos dereitos e liberdades tradicionais burgueses-democráticos, pois dábase no campo republicano unha situación de “poder dual”, de formas e institucións proletarias que existían de par das burguesas.

Outro tanto acontecía co aliñamento das forzas políticas. Para entende-la dirección e significación da loita pola definición das realidades políticas implicadas na Guerra civil, a análise ten que se dirixir ó nivel internacional. Os acontecementos de Hespaña ocuparon unha posición de significación política crucial por canto tiñan consecuencias, e daban oportunidades, para os tres maiores principios políticos que funcionaban na Europa daquel tempo (o burgúes democrático, o comunista e o fascista). No tocante ós intereses do fascismo, Hitler e Mussolini tiñan claro que a victoria de Franco, nomeadamente se era debida á axuda das armas alemanas e italianas, ía ofrecerlles unha

extensión importante da esfera de influencia e alterar significativamente o equilibrio de poder en Europa. Daquela, ofrecéronlle a Franco, abondo abertamente, axuda militar, financeira e diplomática a grande escala.

A situación de Francia e Gran Bretaña era máis delicada. Por unha banda, se ía asegura-la posición de Hitler na península ibérica, a victoria de Franco non canxaba cos seus intereses. Por outra banda, o éxito da dirección revolucionaria proletaria na Guerra Civil difícilmente acadaría apoio británico. Amais, de se acada-la victoria con axuda soviética, alteraría a o equilibrio de poder en Europa. Igual de importante sería que dese exemplo revolucionario que, nas circunstancias apropiadas, quixesen imita-las clases traballadoras de Francia e Gran Bretaña. Orwell quíxase, logo, de que a prensa occidental seguise unha combinación de tres estratexias no que atinxe ás definicións que impuxeron ós feitos acontecidos en Hespaña.

En primeiro lugar, esaxerou as dimensións da implicación soviética na banda das forzas republicanas, suxerindo logo que a loita en Hespaña non a pagaban as esforzadas masas polos seus propios intereses, senón que era unha loita que na que se estaban a utiliza-los pobos de España para seguir levando a termo os obxectivos políticos xerais da Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas. Orwell mantivo que esa interpretación limitou significativamente o apoio ás forzas republicanas entre a clase traballadora e a tamén entre as forzas burguesas-humanistas de Gran Bretaña. O feito foi que as informacións infravaloraron ou sinxelamente non mencionaron os aspectos máis especificamente proletarios da España republicana (os comités de traballadores a xestiona-las fábricas, a toma en masa das terras por parte dos labregos, a estrutura democrática do exército ó principio da guerra, etc.), cousa que tamén valeu para limita-lo desenvolvemento de lazos de solidariedade proletaria internacional co proletariado hespañol. Orwell rexistra moitas veces en *Homenaxe a Cataluña* a incredulidade absoluta que apreciou ó tornar da fronte a Francia e logo a Inglaterra, non só entre os “compañeiros de viaxe” coma el, senón tamén nos militantes proletarios franceses e británicos que sinxelamente non se decataban dos aspectos proto-revolucionarios do conflito de España. Veuse isto reforzado pola tendencia a narra-los acontecementos españois dentro dunha construción política de “democracia contra fascismo” en troques de subliña-los aspectos nos que as actividades dos traballadores hespañois tamén se marcaran obxectivos revolucionarios socialistas. Tamén nisto volve ser instructivo Orwell, pois rexistra como foi que moitos dos militantes sindicalistas e membros da *intelligentsia* liberal, incluído el, que foran a España para se unir ás Brigadas internacionais, crían que ían defende-la democracia no senso abstracto, e advirte Orwell que só ó participar directamente na loita de España foise deprocatando gradualmente dos aspectos especificamente proletarios e socialistas.

Con algúns matices, o estudos de Anthony Aldgate verbo da cobertura que as compañías de informativos cinematográficos británicas deron á Guerra civil española, confirma os termos xerais das críticas de Orwell. Con todo, Aldgate suxire que a inflexión específica dos acontecementos de España levada a cabo polos informativos cinematográficos determinouna menos a hostilidade aberta contra a causa republicana do que a necesidade de procurar apoio á política gubernamental de non-intervención, dictada pola implicación británica nas iniciativas políticas que se tentaban desenvolver para o desarmamento de Europa. Á vista destas consideracións, mantén Aldgate, as primeiras coberturas dos informativos cinematográficos da Guerra civil non tenderon a simpatizar nin co bando republicano nin coas forzas golpistas, senón que máis ben procuraron establece-lo contraste entre as miserias de España afectada pola guerra e a condición ordenada, pacífica e próspera de Gran Bretaña por mor de crear un clima de opinión anti-bélico. Isto tamén explica parcialmente por qué é que os papeis

desenvolvidos en España *tanto* pola Unión Soviética *coma* polas forzas fascistas de Hitler e Mussolini tenderon a se infravalorar, pois a infravaloración formaba parte do intento de limita-la significación dos acontecementos de España, para presenta-la guerra a xeito de disputa puramente local (cousa contraria á política que se procuraba na actuación xornalística) e entón (por medio do control de definicións desa caste) reduci-las posibilidades de que a Guerra civil virase o facho que podía prender unha conflagración europea xeral.

Con todo, dada esa cualificación, os informativos cinematográficos de ningún xeito poden ser exonerados do cargo de que a cobertura fose nesgada contra as forzas republicanas, aínda que isto se levase a efecto máis por medio de omisións (moi significativas) do que por medio de comentarios editoriais explícitamente nesgados. Mentres que a axuda soviética ás forzas republicanas aparecía ocasionalmente, tódalas compañías de informativos cinematográficos mantiveron conspiración de silencio case plena a respecto da axuda de Hitler e Mussolini ás forzas golpistas (conspiración que se mantivo por medio de trucos tales como non mencionar que os avións que bombardearon Gernica os fornecera a Luftwaffe (aínda que *The Times* deu esa noticia, véxase Aldgate, 1979, pp. 159-160). De xeito semellante, Aldgate indica que case non se informou da existencia das Brigadas Internacionais e que, cando se fixo (por exemplo, nun informativo da Paramount de 1937), foi só para suxerir que tales Brigadas compúñanas só parados, suxerindo logo que os voluntarios que ían a España fixéranos por necesidade máis do que por principios e que, xa en España, púñanos a facer estradas, máis do que a loitar, cousas que non era certas. Porén, quizais fose máis importante a maneira (abondo contraria ó rexistro histórico) en que varios informativos cinematográficos insinuaron que eran as forzas republicanas máis cás golpistas as responsables da desorde en España. Á hora de comentar as maneiras moi diferentes de representar típicamente as forzas republicanas e golpistas (as republicanas non uniformadas, aparentemente indisciplinadas e, non raramente, implicadas na queima de igrexas –das que algunhas foron montaxes claramente orquestradas- ou outros actos de profanación; as fascistas limpas, ordenadas, profesionais e disciplinadas, asociadas decote cos símbolos da Hespaña tradicional), subliña Aldgate:

Ó cabo, malia o feito de que os nacionalistas fosen un exército rebelde, insurxente, non custa moito chegar á conclusión de que a imaxinería que o arrodeaba foi o da España tradicional, conservadora, que loitaba para preserva-lo patrimonio. De por parte, o goberno republicano debidamente electo presentábase mantendo un exército indisciplinado e inclinado á destrucción e ós levantamentos. (Aldgate, 1979: 116-117).

Para voltarmos a Orwell, a súa preocupación (e indignación) debéronse máis ó papel que xogou a prensa do Partido Comunista á hora de presenta-la Guerra civil hespañola ó movemento obreiro internacional, cousa que, pola súa vez, só se pode entender en termos da oposición entre as políticas Stalinistas e Trotskistas do tempo. A prognose de Trotsky verbo da situación en España foi clara (véxase Trotsky, 1973). Recomendaba que se constituísen comités obreiros no exército e na industria para que se creasen Consellos de Obreiros e Soldados capaces de propor unha alternativa seria ó parlamento, a xeito de forma de organización do poder estatal. Argumentou logo que e a guerra debería facerse a xeito de guerra revolucionaria, movida tanto para defender coma para extende-lo fundamento socialista xa gañado no campo republicano, e que os logros socialistas (nomeadamente a abolición virtual da propiedade da terra) deberían publicitarse extensivamente por medio dunha guerra propagandística dirixida tanto a corta-los apoios que tiña Franco entre os labregos dos territorios que ocupara coma a

profundar, estender e desenvolve-lo apoio que ofrecera ós traballadores españois o movemento obreiro internacional. Por riba de todo, amáis de defender que os comunistas deberían de cooperar coas forzas burguesas, anarquistas e socialistas en defensa da República, Trotsky recomendou que as forzas comunistas de España deberían manter en todo caso a independencia organizativa, propagandística e programática por mor de non se ver políticamente comprometidas en políticas colaboracionistas.

A prognose de Trotsky, á vista dos efectos que tivo, non foi particularmente influente á hora de mediar e transmitir-los acontecementos da Guerra Civil Hespáñola nin ás clases obreiras Hespáñolas nin á internacional. Na propia España, o Partido Obrero de Unificación Marxista (POUM) foi o máis próximo á posición Trotskista, pero os vínculos entre aquela organización e a esquerda trotskista internacional cortáronse cando Andreu Nin fixo que o POUM entrase na coalición do goberno en 1936. Abofé que no ámbito internacional a análise da situación española debida a Trotsky circulaba só nas páxinas do *boletín* da oposición Trotskista. Dito sinxelamente, as forzas trotskistas carecían dun xornal de masas para facer que se tivese en conta a súa definición e interpretación da situación española, para facer que fose parte da consciencia da clase obreira e daquela ingrediente efectivo da propia situación.

Ó Partido Comunista non lle acontecía o mesmo. Segundo a lóxica do socialismo nun só país, o Comintern adoptou en 1935 a política do frontismo popular. Dito en poucas palabras, segundo a prognose do Comintern, a revolución xa non era obxectivamente posible en Europa, a cuestión do día era “democracia contra fascismo”. Iso significaba, no político, que os comunistas habían de procurar alianzas cos socialistas e burgueses demócratas que se opuñan ó fascismo e que a Unión Soviética había de procurar tratados de alianza coas democracias occidentais, con Francia e Gran Bretaña en particular, contra Hitler. Isto implicaba que os obxectivos inequívocamente comunistas deberían abandonarse temporalmente a favor dunha posición política melloradora que podería facilita-la creación de tales alianzas. Dada esa perspectiva, era moi inconvincente que os traballadores españois fosen ás barricadas tal e como o fixeron. Entedíase que, por unha banda, o Comintern perdería toda credibilidade para a esquerda se deixase de intervir a favor dos traballadores españois e sería imposible, por outra banda, forxa-las alianzas que requería a perspectiva da Fronte Popular se a intervención tivese un carácter moi directo ou revolucionario.

A lóxica dos acontecementos de España foi logo redebuxada segundo as concepcións da Fronte Popular. Díxose que a cuestión non era socialismo contra fascismo, senón democracia contra fascismo. A primeira tarefa era defende-las formas burguesas democráticas da república contra as forzas golpistas e consolidar ese campo antes de proceder a desenvolve-la loita polo socialismo contra a democracia burguesa. A estratexia do Partido Comunista en Hespáña foi logo que os comunistas deberían entrar en alianzas formais coas forzas democráticas burguesas da República e que o prezo de facer tal cousa era abandona-la formas de organización inequívocamente proletarias que se crearan no campo republicano por mor de facer unha fronte sólida coas forzas burguesas en defensa da democracia. A disolución dos comités de soldados e traballadores, a volta das fábricas e terras á propiedade privada, o desarme das milicias de traballadores, foron medidas todas iniciadas e instrumentadas por administracións que incluían membros do Partido Comunista de España.

A prensa do Partido Comunista, reflectindo a posición do Comintern, procurou interpretar de continuo a situación hespáñola en termos da lóxica da Fronte Popular, como apreciou con incredulidade Orwell. Excluíu, logo, case toda mención do gume inequívocamente proletario que os traballadores e labregos españois lle deran á súa

loita. Procurou tamén desacredita-las forzas trotskistas presentando ós guieiros do POUM a xeito de *axentes provocadores* fascistas tendentes a encirra-lo proletariado español cara a unha posición cada vez máis revolucionaria por mor de xustificar unha invasión alemana en España.

Ó volve-la vista atrás, moitas destas cousas parecen increíbles. Sen embargo, cómpre ter en conta que só despois de moito tempo nos decatamos das dimensións proletarias da loita en Hespaña. Pois, ó tempo, había un alto grao de complicidade entre as maneiras da prensa comunista e capitalista occidental á hora de informar (ou non informar) e interpreta-los acontecementos en España. Por diversas razóns, as dúas prensas das dúas tendencias eran instrumentos de confusión. Unha nota a pé de páxina que vén subliñar isto foron as dificultades de Orwell para atopar editor de *Homenaxe a Cataluña*, pois rexeitábanllo, en principio, tanto editoras capitalistas coma esquerdistas por razóns político-ideolóxicas que non deberían requirir máis comentarios.

Abofé que sería erróneo suxerir que o estudo da cobertura informativa da Guerra civil feito por Orwell podería concebirse a xeito de análise sociolóxica. Era impresionista de máis para iso, carente tanto de rigor metódico coma de distancia teórica. Amáis, era claramente partidario no tocante a que Orwell non oculta a simpatía pola prognose Trotskista da lóxica política da guerra. Con todo, eu contaríalle iso a favor. Falar da función política dos medios non é cuestión abstracta. Só se pode facer por medio do estudo do papel que teñen os medios nas coxunturas políticas concretas, historicamente determinadas. Abofé que se fai a certo prezo. Non é posible ofrecer análise de coxuntura política ningunha sen entrar (coma Orwell) no remuíño do debate político e, daquela, na propia política. En todo caso, está fóra de lugar imaxinar que un pode estar seguro nese territorio.

Con todo, quizais o máis valioso dos estudos de Orwell estea no feito de que trata acontecementos que foron de significación histórica mundial en certo momento e en relación cos cales o papel que xogaron os medios (aínda que o impacto non se poida cuantificar) tivo consecuencias políticas de maneiras que non se poden pór en dúbida. No texto “Volve-la vista á Guerra de España”, Orwell mantén que, independentemente do que puidese acontecer na fronte ideolóxica, a disposición das forzas militares e internacionais era tal que a República perdería o combate en tódolos casos. Tamén indica que hai diferentes maneiras de sufrir unha derrota. Segundo escribiu en *Homenaxe a Cataluña*:

Durante os pasados anos os propios comunistas andaron a lles ensinar ós militantes obreiros de tódolos países que a “democracia” era o eufemismo para se referir ó capitalismo. Dicir “A democracia é un calote”, e despois “Loitade pola democracia” non é boa táctica. Se, co grande prestixio da Rusia Soviética ás costas, apelaran ós traballadores do mundo en nome non da “España democrática”, senón da “España revolucionaria”, custaría crer que non houbera resposta. (Orwell, 1974, p. 68).

Abofé que non hai xeito de saber qué pasaría se o Partido comunista fixese esa chamada revolucionaria ou qué podería pasar (tanto en España coma no ámbito internacional) de se procurar algunha alternativa (por exemplo, desenvolve-la a política trotskista). Quizais o desastre total. Quizais se minase a estabilidade política de Francia e Gran Bretaña. O que está claro é que o xeito en que se perdeu a Guerra civil española produciu desilusións considerables e, amais, confusión nas filas da esquerda europea, do mesmo xeito que está claro que en termos da cobertura que se lle deu á situación española, os medios (capitalistas e comunistas) non funcionaron a xeito de espello

pasivo, senón que contribuíron activamente á forma-los contornos do mapa político da Europa de pre-guerra, pola maneira en que definiron e interpretaron a situación.

De por parte, o estudos de Orwell tamén exemplifican claramente a dificultade crucial asociada á proposición de que se debería ter ós medios por definidores da realidade social. Tal proposta mantén viva a concepción dos medios a xeito de espello á vez que a discute. “Asústame esta caste de cousas”, escribiu Orwell ó se referir á cobertura informativa da Guerra de España, “porque adoita darme a sensación de que o propio concepto de verdade obxectiva está a se esvaecer do mundo” (Orwell, 1974, p. 235). Os marcos definitorios ós que apunta Orwell son, por implicación, todos distorsionantes; mídense como se dalgún xeito fosen falsos en relación co “real real” da historia obxectiva, algo real que existise antes da significación e independentemente dela. Tal cousa non é mais ca manter viva a noción de que pode haber formas de significación que son adecuadas en relación co “real real” que pretenden re-presentar, formas que son, para o dicir dalgún xeito, neutras, por canto permiten que o real se revele el propio “tal como realmente é”. Acontece logo que, máis ca abandonarse, a analoxía do espello sinxelamente fica reformada: o que se implica é que hai espellos e espellos. Algúns poden ser parciais e distorsionantes, mais a posibilidade dunha forma de representación que verdadeiramente re-presente ou reflita o real segue a se manter a xeito de patrón perante o cal cómpre declara-los efectos distorsionadores de tales “espellos falsos”. Malia as aparencias, evacúase logo a política do mundo dos signos. Implícitamente, concédeselle á significación efectividade só na medida en que é, simultáneamente, engano. A esfera da ideoloxía, a xeito de esfera de loita, defínese non polo choque e reverberación de signo contra signo (de sistemas de significación en competición que se combaten) senón pola sinxela oposición de verdade contra falsidade.

OS MEDIOS E OS DESVIADOS

A atribución dunha función definidora da realidade ós medios depende de dúas proposicións. A primeira é que as noticias son produto manufacturado, non necesariamente no senso de que sexan inventadas ou apañadas, senón no senso de que son produto dun proceso de factura culturalmente codificado e socialmente determinado que desprega, no contido e na forma, as forzas técnicas e ideolóxicas que permiten e manteñen a construción. A segunda é que o poder que adquiren os medios da capacidade de defini-la realidade pode atribuírse en termos xerais ó servizo que fan de nos converter en testemuñas indirectas de acontecementos dos que non temos coñecemento nin experiencia de primeira man.

Ambas a dúas proposicións son cruciais para a tradición da teoría dos medios preocupada polas definicións que impoñen os medios ó comportamento de varios grupos de marxinais, quere dicir, daqueles grupos (adictos ás drogas, criminais, siareiros de fútbol, homosexuais) dos que se considera que o comportamento transgrede as normas sociais dominantes, teñan estas relación coa lei ou co costume e convencións (véxase Cohen e Young, 1973). Dito en poucas palabras, manténse que, ó por a eses grupos no papel de “xente do demo”², os medios valen para reforzar o grao de implicación coas normas sociais dominantes e, daquela, para crear un clima de opinión favorable ás operacións das instancias e axencias reforzadoras da lei na sociedade e á extensión dos correspondentes poderes. Con todo, as investigacións nesta área da teoría

² Ou “demo de xente”, no orixinal *folk devils*.

dos medios están moi en débeda cos posicionamentos teóricos máis xerais que caracterizaon a historia recente da socioloxía da desviación en Gran Bretaña, nomeadamente os representados polos participantes no Simposio Nacional sobre Desviacións (Cohen, 1971).

Na criminoloxía clásica, o concepto de comportamento criminal non se considerou xeralmente nada problemático. Quere dicir, a criminalidade ou calquera outra forma de desviación tíñase por propiedade inherente a certos tipos de actos. Á vista diso, entendíase que a primeira tarefa analítica era a de explicar tal caste de comportamento en referencia ás que se consideraban causas (sociais, psicolóxicas ou mesmo biolóxicas) anormais, que deberían ser responsables. En contraste con isto, o foco contemporáneo na teoría da desviación ocúpase máis dos procesos sociais nos que se fai a atribución de desviación. A desviación, logo, xa non se considera un atributo inmanente á certos actos, senón unha etiqueta que se lle pon, por medio dunha serie de procesos sociais complexos, a aqueles tipos de comportamento que transgreden tanto as regras legalmente codificadas coma os códigos de comportamento normativamente establecidos. Arguméntase, logo, que o uso do termo desviación reflicte o poder relativo de certos grupos sociais para impo-la etiqueta (e, abofé, as prácticas punitivas dos sistemas legais e penais) a aqueles que se comportan de xeito incompatible cos conceptos socialmente dominantes de legalidade e normalidade que os devanditos grupos manteñen e reforzan. Aínda que isto non negue a pertinencia de se preguntar por que é que os membros dalgúns grupos sociais teñen máis tendencia a se implicar en tales formas de comportamento, implica un cambio de interese que pasa do comportamento dos chamados desviados cara ó exame dos procesos sociais e culturais polos que se atribúe a etiqueta de desviados a algúns actos e non a outros e polas funcións que cumpre o nomeamento deses actos en relación coa orde social máis xeral.

As devanditas tendencias da socioloxía víronse influídas por tendencias paralelas no campo dos estudos históricos e, pola súa vez, contribuíron a elas. Son particularmente relevantes os estudos de cazas de bruxas (eran as desviadas por antonomasia dos universos teolóxicos anteriores) feitos por historiadores americanos (véxase, por exemplo Macfarlane, 1970). Suxiren que en períodos de crises económicas, políticas e sociais desorientadoras, as responsabilidades desas crises poden proxectarse sobre grupos vulnerables de “marxinais” que, en virtude da diverxencia das normas sociais dominantes, están estruturalmente ben colocados para servir de chivos expiatorios. O comportamento deses individuos, dramatizado en xuízos e actos públicos, funciona de maneira conforme á lóxica Durkheimiana da función social da desviación para reforzar, por medio do exemplo negativo, o poder ameazado das normas consensuais dominantes.

Aínda que podería ser tentador manter que tales forzas irracionais non teñen papel ningún nos procesos políticos modernos, as experiencias recentes impiden toda conclusión taxativa. O tratamento dos xudeus na Alemaña de Hitler, os xuízos espectaculares de Moscova nos trinta, a persecución dos comunistas na era de McCarthy, o Powellismo, son todos exemplos contemporáneos. Os sociólogos que traballan no punto de confluencia da teoría dos medios e da desviación manteñen que a presentación que fan os medios nos últimos anos amosou unha lóxica similar á hora de producir, por medio da simbolización e dramatización do comportamento de “mods” e “rockers”, consumidores de drogas, siareiros de fútbol, extremistas políticos e tipos semellantes, unha galería de “xente do demo”, unha demonoloxía moderna. Os analistas manteñen que cos artificios da esaxeración e o estereotipamento, co arrincamento desas formas de comportamento de todo contexto social que poida axudar a explicalas, as tensións sociais significáronse por medio dunha semioloxía da lei e orde que serviu para reforza-la forza das normas consensuais dominantes. Implicados a xeito de participantes

involuntarios nunha caste de comedia moral moderna na que serven de símbolos negativos da desorde, apuntando logo á necesidade social de vixiar permanentemente as fronteiras normativas, o comportamento deses grupos “desviados” defínese tanto que mesmo parecen cristalizar e ser responsables da aguda inestabilidade da sociedade británica dende os anos sesenta.

Pode obxectarse que a dificultade obvia das teorías desta natureza é que se elaboran en tal grao de abstracción que fai difícil confirmalas ou rebatelas. Amais, podería manterse logo que hai verdadeiras dificultades á hora de imputar algún tipo de efectividade ós medios se, como se di decote, a influencia que teñen no mundo social é necesariamente indirecta e determinada pola influencia que teñen nas accións dos individuos que forman o público, quere dicir, por medio do impacto na consciencia de cada quen. O certo é que non é nada fácil saber como é que se pode peneirar, tanto en termos cuantitativos coma cualitativos, o impacto discreto e diferencial que poderían ter os medios á hora de influír na nosa visión da realidade social e, daquela, as nosas accións nela. A mosar que os medios propoñen certas definicións da realidade é unha cousa, mais diso non se pode inferir que as tales definicións son necesariamente aceptadas no senso de que se tomen a tódolos efectos por reais e que se actúe en consecuencia. Dito doutra maneira, non se pode inferir que “a resposta do público depende da natureza da mensaxe que reciben” (Hall et al., 1976, p. 52).

O devandito é, sen dúbida, un problema xeral; de por parte, quizais sexa a dificultade teórica máis importante e require exploración na socioloxía dos medios. Na actualidade, lonxe de estar resolta, hai poucos signos de que se conceptuase adecuadamente o problema (sendo a excepción notable o traballo de David Morley verbo da audiencia do programa “Nationwide” (véxase Morley, 1980). Ata agora, as investigacións nesta área colleron xeralmente a forma de investigacións de audiencia baseadas na mostraxe e nas técnicas de cuestionario. Malia ser nidiamente útiles noutras áreas (o impacto dos medios no comportamento electoral, por exemplo) está igualmente claro que hai algunhas cuestións, vitais e importantes, que non se poden abordar dese xeito. Ó falar do impacto dos medios nos termos nos que vemo-lo mundo, falamos dun proceso ideolóxico que, na medida en que e atinxe á formación da consciencia, é inconsciente para os que están suxeitos a el (eu, vostedes, todos nós). Escápanos da consciencia na medida en que constitúe o marco no que se producen as nosas consciencias. Non quere isto dicir que as operacións da ideoloxía sexan necesariamente invisibles, quere dicir que a correspondente invisibilidade é condición da efectividade. Hai que as facer visibles. Séguese logo que a proposición de que os medios son influentes á hora de propor certas definicións da realidade ideolóxicamente derivadas non pode depender para a validación só das informacións subxectivas dos individuos nos que se supón que se produce esa consciencia, sen que sexan conscientes, por causa do proceso. É proposición que, en caso de se empregar desa maneira, perdería automaticamente o poder teórico.

Outra dificultade ulterior desas concepcións está no individualismo metodolóxico que amosan, concorde coa prioridade do estudo do individuo e maila súa consciencia sobre o estudo dos grupos, a formación de grupos e a estrutura institucional da sociedade. Grande parte do valor metodolóxico e teórico xeral dos estudos recentes dedicados ás representacións da desviación está no feito de que non poden ser sometidos a esa crítica, pois encararon a cuestión dos efectos dos medios non só (nin primordialmente) como se fosen cuestión que atinxe á consciencia dos membros individuais do público, senón que procuraron teoriza-la relación medios-sociedade en termos do impacto que esta área das prácticas xornalísticas e mediáticas exerceron nas prácticas das axencias de reforzo da lei.

O libro de Stanley Cohen *Folk Devils and Moral Panics: The Creation of the Mods and Rockers*, estudos da reaccións políticas locais ó tratamento sensacionalista que os medios deron ós incidentes entre “mods” e “rockers” de 1964, achega unha ilustración útil dalgúns dos asuntos que se implican aquí. Cohen mantén que nos lugares costeiros dos feitos, e entre os negociantes do lugar, o sensacionalismo das informacións reduciu o volume do comercio. A xente estaba moi preocupada de que no país se dese a impresión de que no futuro, de volver acontecer cousas semellantes, a situación estaría baixo control. A consecuencia diso xurdiron unha serie de “axentes morais” (que se fixeron patentes en reunións públicas e en cartas ós xornais) que amplificaron a xa esaxerada inflación do problema dos “mods” e os “rockers” debida ós medios. Os axentes morais reclamaban da policía e dos tribunais que adoptasen estratexias novas e máis severas en relación ás liortas da mocidade. Gases lacrimóxenos, máis policía, traballos de asistencia social, castigo corporal, foron algunhas das propostas citadas e debatidas nas columnas da prensa local.

A policía non deixaba de ser responsable da manifestación dese clima de opinión entre e xente, cousa nada rara. Amais de cancela-los permisos de fin de semana por mor de incrementa-la presenza da policía nas rúas, Cohen indica que se adoptaron diversas tácticas novas por mor de evitar todo problema potencial de raíz, por medio do que se coñece, eufemisticamente, a xeito de traballo policial preventivo. As tácticas incluían confinar ós que parecían creadores de problemas nunha parte das localidades, xeralmente na praia; impedirlle ós que pola aparencia puidense parecer “mods” ou “rockers” que se concentrasen en certos lugares previamente designados “puntos problemáticos”; acoso dos chamados “potenciais creadores de problemas”, confiscándolles, por exemplo, os cinturóns chatolados como se fosen armas perigosas ou dándolles “paseos gratuítos” por estradas que levaban fóra da cidade ou perto da estación (véxase Cohen, 1972, p. 93). Na medida en que esas tácticas supuñan unha infracción contra as liberdades dos mozos antes de que comentesen infracción ninguna, eran cuestionable que fosen constitucionais e legais. Con todo, o comportamento dalgúns maxistrados locais foi aínda máis perturbador, pois sensibilizados pola “ameaza de mods e rockers” da que falaban os medios e polas cruzadas dos “axentes morais” locais parecía que non só aplicaran sentenzas severas ós infractores que se lles asignaran e usaran o seu poder de custodia a xeito de forma de castigo adicional previo ó xuízo, senón que, particularmente, nos xuízos que seguiron ós incidentes de Margate over the Whitsun na fin de semana de 1964 usaron os tribunais para desenvolver novos aspectos da dramaturxia de “mods” e “rockers”. Foi particularmente o caso do Dr. George Simpson, que acadou certa sona ou notoriedade nacional por medio das arengas dende a presidencia da sala sobre a cuestión dos gamberros e pola severidade das sentenzas.

O atractivo do estudo de Cohen está en que para trata-los efectos das definicións que os medios fan da realidade non os concibe a xeito de variables independentes das que se poida medir e cuantificar con precisión a influencia discreta e diferencial. Sitúa esas definicións nun proceso social máis amplo, considerando que as prácticas xornalísticas teñen consecuencias para as prácticas definidoras da realidade doutras axencias e institucións sociais (policía, tribunais, grupos políticos e de intereses locais), e indica que as actividades xornalísticas tamén están influídas por esoutras prácticas. O efecto que se lle atribúe ás prácticas conxuntas de tales axencias e institucións é a creación dunha “espiral de amplificación” por medio da cal o alcance e significación dun “problema” inicial (quere dicir, do que tales axencias teñen por problema) vese suxeito á magnificación crecente en canto as prácticas definidoras da realidade de tales axencias se complementan e sosteñen recíprocamente. No caso dos incidentes de “mods” e “rockers” de 1964, a “espiral de amplificación” funcionou do xeito seguinte: en primerio

lugar, os medios nacionais dramatizaron os confrontamentos que tiveron lugar nos lugares de Eastburne e Margate; os cruzados morais e maila prensa local asumiron logo o problema; a policía respondeu tomando medidas de orde novas; as medidas levaron ó incremento de arrestos e a maxistratura respondeu dramatizando aínda máis a cuestión de “mods” e “rockers” nas alocucións dos xuízos (dos que informaban os medios de comunicación, que engadían logo máis unha volta á espiral).

Neste caso, o pánico moral que se estendeu por medio deste circuío de significacións amplificadas resolveuse logo, aínda que só fora porque o cambio das modas privou a dramaturxia inicial de moito do significado potencial. Amais, abofé, podería argumentarse que as consecuencias inmediatas e tanxibles do pánico foron de importancia limitada (o abuso localizado do poder policial, uns cantos arrestos erróneos e unhas cantas sentencias indebidamente severas). No libro *Policing the Crisis*, Stuart Hall e os coautores manteñen que tal caste de pánicos morais (cando se consideran acumulativa e colectivamente) adoitan desenvolver funcións cruciais na orquestración da opinión pública, por medio da produción dunha crise de “lei e orde”, e que permiten gañar apoio para a extensión dos poderes coercitivos e arbitrarios dos que dispón o estado.

Vista en contexto máis amplo, a tese relaciónase co concepto de hexemonía de Gramsci tal e como se pode aplicar ós contornos da historia británica posterior á Segunda Guerra Mundial. Dito en poucas palabras, os autores de *Policing the Crisis* manteñen que o período que comeza a principios dos anos sesenta viu o desenvolvemento dunha crise de hexemonía fonda e demorada, crise que fixo cada vez máis problemática a produción de consentemento popular ós obxectivos políticos e económicos da clase gobernante e que, en consecuencia, ocasionoulle ó estado a necesidade de acumular unha reserva de poderes coercitivos que se poderían usar para conseguilo plegamento á forza. Mantense que a fin do boom de post-guerra e maila decadencia continua da competitividade internacional da economía británica levou á clara agudización do conflito de clases segundo a clase traballadora, cada vez máis sindicada e militante, resistiu os intentos de resolve-la crise económica cos medios capitalistas (quere dicir, permitindo que medre o paro, tentando impor restriccións, cortes nos servizos sociais e cousas polo estilo). A resistencia tivo a forma máis dramática e altamente efectiva na folga de mineiros de 1973-1974 que, ó desafía-la capacidade dun goberno electo, deu testemuña clara do debilitamento da autoridade da clase gobernante.

Se, no político, a resolución da crise procurouse reforzando os poderes do estado (nomeadamente no que atinxe á esfera das relacións industriais), Hall e colegas manteñen que o apoio a tales políticas acadouse fundamentalmente pola maneira en que a crise se significou ideolóxicamente a xeito de crise de lei e orde. Din que mentres na primeira parte do período pánicos morais coma o exemplificado polo medo ós “mods” e “rockers” tenderon a ser discretos e de duración curta, no curso dos anos setenta, nomeadamente, funcionou unha “espiral de significación” por medio da cal problemas discretos e localizados (culturas de mocidade rebelde, protestas de estudantes, militancia industrial, piquetes e asaltadores) xuntáronse nunha rede mesta de asociacións. As manifestacións presentáronse como se fosen un problema común (a perda do respecto pola autoridade da lei) e suxeriuse logo que eran susceptibles dunha solución común: o incremento no dominio da lei e o reforzo de instrumento para aumenta-lo seu imperio.

Non temos eiquí espazo para repasa-los detalles do estudos. O máis que podemos tentar é unha ollada dos avances teóricos e metodolóxicos máis importantes que se rexistran nel e dos problemas que aínda perduran (cando menos nas partes que tratan máis directamente do estudo dos medios). Quizais o avance máis importante fose o

argumento de que as prácticas de significación ou definición da realidade dos medios non se deben estudar illadamente. O examina-lo papel significador axial e coordinante que se lle outorga á figura do “asaltador” na ideoloxía da lei e a orde entre 1972 e 1976, *Policing the Crisis* salienta que a produción non só os medios, senón que se produciu no e debido ó contexto de relacións simbióticas que se dan entre os medios e outras axencias ou instancias definidoras da realidade (nomeadamente os tribunais, os oficiais de policía e os líderes políticos). Os medios non “inventaron” a “crise de lei e orde” *ex nihilo*. Tampouco os policías procuraron os efectos, en ningún senso obvio nin directo, na estrutura da propiedade dos medios. Non se tratou tampouco dunha conspiración da clase gobernante na que os guieiros políticos e os magnates dos medios se confabulasen para manufacturar unha crise de lei e orde. Hall e os seus colegas falan máis ben dun proceso moito máis sutil por medio do cal as definicións dos medios e os discursos dos poderosos (as definicións enmarcadoras fornecidas polos persoeiros públicos) tenden a sosterse e reforzarse recíprocamente debido ós apretados vencellos de dependencia que hai entre elas, pois os medios dependen dos persoeiros a xeito de fonte primeira de noticias, do mesmo xeito cós persoeiros dependen dos medios para situa-los seus diagnósticos e prescricións perante o grande público.

Porén, por máis que dese xeito se evita caer na teoría da conspiración, segue habendo aínda algunhas dificultades. A tese xeral do libro é que a crise de lei e orde se constituíu por medio da inflexión especificamente ideolóxica da crise económica británica e que o efecto desa inflexión ideolóxica foi dar apoio popular á procura de estratexias políticas específicas en relación coa crise económica:

“ Abofé que non hai consenso sinxelo, tampouco eiquí, no tocante á natureza, causas e extensión da crise. Porén, a tendencia xeral ten que ver coa maneira en que se construíu ideolóxicamente a crise por medio das ideoloxías dominantes para gañar consentimento nos medios de comunicación e constituír entón a base substantiva da “realidade” á que continuamente se refire a opinión pública. Dese xeito, ó “consentir” a visión da crise que gañou credibilidade nos escalafóns do poder, tamén se gaña a consciencia popular para que apoie as medidas de control e contención que implica esta versión da realidade” (*Policing the Crisis*, pp. 220-221).

A dificultade principal desta formulación está no papel secundario que se lle parece asignar á esfera do ideolóxico (secundario no senso de que se concibe a xeito de resposta á crise económica que se ten por previa). O efecto diso é reproducir as antinomias (signo/mundo, significante/ significado) coas que nos fixemos familiares en relación coa obra de Orwell ó concebilas a xeito de análogas á relación entre ideoloxía e economía. As formulacións da caste de “maneira en que se construíu a crise” suxiren que é posible falar, en primeiro lugar, dunha crise (unha crise económica) e despois do modo de significación ideolóxica. É suxerir que se pode manter que hai unha crise antes e independentemente da maneira en que se significa ideolóxicamente. Con todo, sería un erro insistir de máis nesta obxección. Os problemas asociados ó economismo residual ós que se subscribe non pasan inadvertidos para os autores de *Policing the Crisis*, e o poder de determinación que se lle atribúe á economía é, amais, segundo a famosa frase de Althusser, o da última instancia á que nunca se chega. Aínda que se defenda que a ideoloxía de lei e orde foi unha inflexión discursiva específica da crise económica, o papel atribuído a esa ideoloxía dista moito de ser pasivo; o papel á hora de estrutura-los termos do debate político por mor de influír activamente nas formas adoptadas para a regulación política da crise é, abofé, a verdadeira razón de ser do libro.

Quizais o aspecto máis importante do libro dende o punto de vista dos nosos intereses sexa o que ten a ver co grao en que mina a concepción de que cómpre teoriza-los medios a xeito de “definidores da realidade social”, poila ideoloxía de lei e orde non se afirma primariamente en termos de precisión e coidado contrastados con algún indicador independente da “verdadeira” extensión e distribución do crime. Hai algún elemento diso, é certo, mais a énfase preponderante ponse na función articuladora desa ideoloxía, nas maneiras en que xunta e conecta, arredor da imaxe do asaltador, unha serie de ideoloxías vinculadas relativas, entre outras cousas, á mocidade rebelde de post-guerra, á “deslealdade” dos sindicatos, á raza, á inmigración e ó imperio. Dito en poucas palabras, a preocupación que se encara en *Policing the Crisis* non é a da relación da ideoloxía coa realidade, senón a da relación entre ideoloxías. A efectividade que se lle atribúe ó discurso da lei e orde enténdese non en termos da correspondente codificación dunha realidade que se lle presume externa, senón en termos da posición que ocupa en relación cos discursos asociados que se desenvolven, xunto con ela, para constituír unha dimensión da propia realidade (plenamente física e material) e non un reflexo secundario e ontoloxicamente degradado ou unha transformación dunha realidade “máis real”.

Quizais cumpra engadir que e a devandita ruptura ou distinción non é tan clara nin limpa como podería ser. Débese iso, en parte, ó emparellamento decote insatisfactorio que o estudo tenta facer entre unha gama ampla de teorías extraordinariamente diversas. Abofé que *Policing the Crisis* é extremadamente confuso verbo diso e, por veces, ten a aparencia dunha pota grande na que se botan case tódalas tradicións de análise sen atención suficiente ós problemas de as combinar. Esa elisión constante das dificultades teóricas ten por resultado o trampear de xeito superficial e equívoco dunha tradición analítica a outra no que só se pode entender a xeito de procura de síntese apresurada. Cómpre logo indicar que, aínda que a énfase na función articuladora da ideoloxía da lei e a orde débese en última instancia ás obras de Antonio Gramsci e Ernesto Laclau, o camiño polo que se chega a esa visión ábrenos estudos previos das funcións desenvolvidas polos medios, construídos a xeito de definidores da realidade social, en orquestración cos pánicos morais. É na disparidade entre esas dúas perspectivas e nas linguaxes que lles son apropiadas onde se atopan as tensións centrais do libro.

A IDEOLOXÍA DAS NOTICIAS TELEVISIVAS

“O filtro cuarto, e o máis importante [mantiña Richard Hoggart, ó falar de procesos por medio dos que se constrúen as noticias], pois contén parcialmente os outros, é o aire cultural que respiramos, toda a atmosfera ideolóxica da nosa sociedade, que nos di que algunhas cousas se poden dicir e que outras é mellor non dicilas. É esa presión conxunta e case inconsciente a que nos fai tendentes a afirma-lo *statu quo*, tendentes a confirmar á “xente do común” nas actitudes actuais, esa atmosfera que vén dos programas matinais de noticias e tertulia das radios tanto coma do patrón conxunto do “lector-fondo documental e contexto visual- palabras” que é o contexto das noticias televisivas. (Glasgow University Media Group, p. X).

O nivel de análise que introduce na pasaxe citada Hoggart é o que se ocupa das presións ideolóxicas moito menos visibles que, herdadas por reflexo da cultura política dominante e encarnadas nos códigos e convencións das prácticas de traballo dos

xornalistas profesionais, dálles ás noticias a nesga ideolóxica distintiva (a forma xornalística na que se di que se representan os “feitos” libres de nesgas ou comentarios). Este nivel é, en moitos sentidos, o aspecto máis importante das prácticas definidoras de realidade dos medios de comunicación aínda que só for porque as correspondentes asuncións ideolóxicas son as menos visibles. Esperamos que as editoriais dos xornais apoiem certas liñas de partido e podemos logo interpreta-lo que teñen que dicir coa debida cautela, pero os máis dos lectores amosan certo grao de escepticismo co sensacionalismo dos medios. En contraste, “as noticias”, preséntase como se xeralmente fosen un rexistro imparcial dos acontecementos cruciais do día. Preséntanse como se fosen “verdade”, realidade crúa, sen procesar, como se fosen o mundo que se narra el propio.

Aínda que os cánones da imparcialidade están incrustados nos formatos informativos da prensa diaria tanto coma nos servicios informativos dos medios electrónicos, probablemente sexa máis importante a función ideolóxica dos medios electrónicos, tanto pola escala do impacto que teñen coma porque as pretensións de neutralidade están máis claramente expresadas, e máis amplamente recoñecidas ou concedidas, cás pretensións de neutralidade dos xornais. A audiencia dos tres informativos principais das tres canles británicas é significativamente máis grande có número de lectores de calquera xornal británico (o “Noticias das dez” de ITV estímábaselle unha audiencia de entre doce e trece millóns de persoas en 1977) e, segundo confirma o informe Annan (parágrafo 17. 2), o tempo dedicado ós programas informativos incrementouse moito nos anos recentes. A cobertura informativa da BBC, por exemplo, medrou máis do duplo entre 1962 e 1977. Quizais sexa máis importante, segundo o recollido no informe Annan, a porcentaxe crecente de público que veu confiar na televisión a xeito de primeira fonte de noticias e que, segundo os informes dirixidos polo profesor Himmelweit, tanto os informativos da BBC coma da ITN se teñen por máis fiables e imparciais cós xornais. Ó cabo, abofé, a imparcialidade é un requisito oficial dos estatutos que rexen as emisoras de televisión. As noticias televisivas poden poñerse logo por caso extremo e limitador: se é posible demostrar nelas (tidas polo pináculo da imparcialidade no mundo dos medios) o funcionamento de categorías ideolóxicas, entón as pretensións de imparcialidade dos xornalistas doutros medios tamén se poderán pór en cuestión.

O devandito non pretende suxerir que os medios electrónicos sempre pretendesen ser imparciais nun senso verdadeiramente filosófico. Tal como dixo Reith do funcionamento da BBC na brétema dunha folga xeral: “á vista de que a BBC é unha institución nacional, e á vista de que o goberno da crise actuaba a favor da xente, independentemente doutros poderes de emerxencia ou de cláusulas na nosa licencia de emisión, a BBC tamén era favorable ó goberno durante a crise...” (citado por Hood, 1972, p. 415). Tanto a BBC coma as compañías da ITV teñen o dereito (plenamente apoiado polo comité Annan) de prescindir do requisito de imparcialidade na cobertura de acontecementos e cuestións que se cosideren (Por decisión de quen?) desafiantes da constitución, do interese nacional ou da orde pública. O caso de Irlanda do Norte é un exemplo de cómo os medios foron, para o dicir dalgún xeito, oficialmente nesgados ou parciais (aínda que non tan abertamente, por canto esas parcialidades oficiais andan, na actualidade, naturalizadas por medio da exclusión sistemática de todo punto de vista alternativo).

Con todo, aínda que sexa posible pór exemplos de nesgas e de censura explícita, pódese argumentar que a efectividade ideolóxica das noticias é maior nas áreas en que o funcionamento de convencións significantes particulares que constitúen as noticias parecen asegura-la imparcialidade (o uso de referencias e ancoraxes de actualidade ou

de entrevistas, enmarcadas pola narración aparentemente impersoal ou neutral do presentador, pomos por caso) ocultan a operación doutro conxunto de convencións significativas ideolóxicamente cargadas. *Bad News*, o estudo do Grupo de Medios de Comunicación da Universidade de Glasgow verbo da cobertura informativa das disputas industriais de 1975, amosa boas ilustracións diso. Aínda que non fosen parciais no senso de favorece-lo Partido Conservador perante a posición do Partido Laborista no que atinxía ós asuntos, o estudo amosa de xeito convincente a maneira efectiva en que se manipularon as informacións (os criterios de noticiosidade que se usaron, o lugar que ocuparon as informacións na estrutura xeral dos boletíns informativos e cousas semellantes) e como produciron unha inflexión claramente contraria ós sindicatos.

Os autores suxiren, por exemplo, que, comparados coas estatísticas do Departamento de Emprego do Ministerio de Traballo relativas ós paros industriais de 1975, os boletíns informativos de ningún xeito ofreceron un cadro equilibrado ou coidadoso da historia dos paros industriais do ano. Centráronse desproporcionadamente nas industrias de produción masiva máis importantes, nomeadamente na automobilística, que tiña unha posición crucial na exportación, e naquelas industrias (nomeadamente de transporte e comunicacións) nas que as disputas industriais creaban o máximo de inconveniencias para o público xeral. O resultado, segundo se indica no estudo, foi que as disputas industriais se significaron nunha semioloxía do mundo público de “sindicatos contra interese nacional/público xeral”, na que se suxería que os folgistas dificultaban e empecían que os cidadáns decentes, ordenados e non folguistas fosen ós choios diarios. Este efecto veuse reforzado polo típico emprazamento das noticias de disputas industriais dentro da estrutura dos programas informativos. “A grande proximidade entre as noticias de asunto económico e industrial, que era particularmente clara na BBC 1, suxire que as informacións relativas a situacións industriais particulares tiñan trazas de se xustapor a informacións (decote máis breves) verbo do estado xeral da economía, coa resultante de implicar fortemente a conexión causal” (*Bad News*, p. 118). É claro que a implicación de tal relación causal ía favorecer certas explicacións das dificultades económicas do período (as que atribuían a culpa principal á clase traballadora sindicada) máis ca outras (por exemplo, as que atribuían as dificultades económicas de longo termo á decadencia da competitividade da economía británica a escala internacional debida á obsolescencia do capital comercial e a taxa de investimento persistentemente baixa).

O Grupo de Medios de Comunicación de Glasgow tamén argumenta que as maneiras de entrevistar á patronal e ós representantes de sindicatos, secomasí o xeito en que se cortaron e combinaron as entrevistas para as pór en relación unhas con outras dentro das estruturas pertinentes dos informativos, tenderon a favorece-las interpretacións da patronal (aínda que fosen formalmente imparciais no senso de que recoñecían que había dúas partes na disputa). Mentres que os representantes da patronal adoitaban entrevistarse nas súas oficinas, arrodeados da parafernalia toda da autoridade, a razón e maila responsabilidade, os representantes dos sindicatos adoitábanse entrevistar coa axuda de unidades móbiles, con fondos de manifestacións, reunións de masas ou con piquetes á entrada dunha fábrica; dito noutras palabras, co fondo da actividade e desorde que os separaba de toda aparencia de poder, autoridade ou razón e, por veces, dos requisitos elementais de audibilidade. (Paga a pena advertir que os actuais manuais para uso dos medios dos sindicalistas advirten de que se refuguen entrevistas en tales circunstancias). No mesmo senso, un efecto ulterior das entrevistas estruturantes foi, en opinión do Grupo de Medios de Glasgow, a construción dunha oposición entre “feitos” e “acontecementos” análoga á oposición entre patronal e sindicatos. Mentres que os representantes da patronal adoitaban amosarse como se achegasen “datos” cos que

interpreta-la disputa, a parte dos traballadores amosábase en relación con “acontecementos” (quere dicir, situacións que se podían filmar) co resultado de que, en termos visuais, víase que a fonte de discordias era típicamente a dos traballadores (en piquetes, mítíns, manifestacións), discordia que se proxectaba contra o ordenado telón de “feitos” establecidos segundo a patronal. Finalmente, o estudo apunta que a estrutura e contidos das entrevistas cos representantes dos sindicatos foi máis ben prexudicial a priori para a interpretación sindical das disputas no tocante a que ós voceiros sindicais adoitaban pedirilles explicacións ou xustificacións das accións dos sindicatos. Ó lles da-lle a oportunidade de se exculpar, a implicación inevitable era que (ó convoca-la folga) os sindicatos estaban axiomáticamente implicados nun acto culposo .

O libro *Bad News* e o sucesor, *More Bad News* (1980) son estudos tan útiles coma importantes, nomeadamente no grao de atención que prestan ás prácticas rutinarias das noticias televisivas. Porén, ambos a dous teñen limitacións, nomeadamente no que atinxe ás alternativas que avistan. A preocupación de *Bad News*, segundo se declara na introducción a *More Bad News*, era amosar como é que “se lle ofrece ó público un retrato equívoco das disputas industriais que hai en Gran Bretaña, equívoco cando se mide coa realidade independente dos feitos” (p. xiii). Implica isto que os patróns cos que se afirma e procuran as coberturas informativas son as da representación verdadeira da realidade, “a realidade tal cal é”, reflectindo a política do signo baseada na noción de verdade contra falsidade. De por parte, segundo argumentou Ian Connell, decote parece que as demandas desa alternativa se darían acadado, cando se atopasen escrupulosamente os requisitos estatutarios do equilibrio, imparcialidade e neutralidade (Connell, 1980). A obxección de Connell non é unicamente que sexa imposible e que se resucite, logo, o soño das formas de representación neutrais e por medio das cales se pode revela-la realidade sen mediación. Argumenta tamén que reprobar ós medios electrónicos pola incapacidade de ser imparciais en certo senso absoluto, filosófico, é desatende-lo aspecto máis esencial de que acadan efectividade ideolóxica precisamente por medio da observancia dos requisitos estatutarios de equilibrio e imparcialidade. (Cumpriría indicar que o requisito estatutario é precisamente que os medios deberían exhibi-la “devida imparcialidade”, tendo en conta “non só todo o conxunto de visións a respecto dun asunto, senón tamén o peso das opinións que defenden esas visións”, fórmula que xustifica claramente a representación privilexiada nos medios das visións dos partidos políticos que poden declarar que contan co apoio popular tal como se evidencia nas urnas).

O fundamento desa argumentación cómpre procuralo nos traballos previamente desenvolvidos por Ian Connell, xunto con Stuart Hall e Linda Curti verbo da televisión e as noticias comúns (ou “noticias duras”, “noticias puntuais”). Hall, Connell e Curti manteñen que é precisamente a preocupación da televisión pola neutralidade e o feito de que nunha esfera limitada sexa xenuínamente imparcial (nomeadamente, no terreo político constituído polos partidos que definen o escenario da política parlamentaria, lexítima) o que lle que asegura a efectividade ideolóxica máis significativa e menos advertida. Entón, o efecto das axencias ou instancias de comunicación electrónica que funcionan de xeito xenuínamente imparcial en tales termos de referencia limitados (limitados polo que exclúen: as perspectivas de tódolos grupos políticos que caen fóra da política de consenso: a esquerda comunista, os “terroristas”) é que contribúen á reprodución da unidade do sistema político parlamentario en conxunto:

“*Panorama*, máis ca tódolos outros programas de actualidade, asume rutinariamente o papel de garda da unidade neste segundo senso. Reproduce, no terreo da ideoloxía, a identificación política entre o Sistema Parlamentario e a Nación. A consecuencia diso, o

temario (ou “axenda”) de problemas e “prescricións” que tal programa manexa límitase ós que rexistran, e ofrecen, os partidos parlamentarios establecidos. Son esas precricións autorizadoras, só, as que se amosa que descubren o máis apropiado para a tarefa de mante-lo sistema.” (Hall, Connel e Curti, 1977, p. 91)

É deste xeito, no cumprir verdadeiramente os requisitos estatutarios, como se pode dicir que os medios se confabulan cos partidos maiores establecidos á hora de limita-la propia maneira en que se definen os problemas e mailos horizontes nos que hai que procura-las solucións, mais dunha maneira que non parece viola-lo requisito liberal-democrático de que se outorgue espazo igual ós puntos de vista confrontados. É un sistema de “engano duplo”, unha forma ideolóxica que leva a efecto a contracción da esfera de debate pública e simultáneamente enxendra a ilusión de que esa esfera é plenamente libre e aberta. A resposta que cómpre darlle, segundo argumenta abondo correctamente Connell, non é pidirlle ós medios seren “xenuínamente imparciais”, senón que haxa “formación e instrumentación de criterios editoriais abondo diferentes” (p. 32). Cómpre unha política na que o signo se opoña ó signo, non a verdade á falsidade.

CONCLUSIÓN

O obxectivo inicial deste ensaio era resumir e ilustrar algunhas das zonas centrais de debate na tradición da teoría dos medios que se ocupa da función definidora da realidade dos medios. Porén, tamén procurei, aínda que con menos afán, cuestiona-la maneira en que o papel significador dos medios se concibe e representa dentro desta tradición. Aínda que se confirme a actividade e efectividade dos medios a xeito de área crítica de significación, a noción de que os medios son dalgún xeito ontolóxicamente secundarios en relación a algo “real” que é máis básico, máis primario, mantense viva mesmo na propia terminoloxía de “definidores da realidade social”. Facer esta obxección non é pura sofistería semántica. A validez de postula-la dualidade entre o plano de significación e aqueloutro da “realidade” púxose en cuestión hai tempo na lingüística, tamén na crítica literaria e cinematográfica. Suxerir que os estudos de medios de comunicación deberían aliñarse con esas aportacións non é cuestión de moda teórica, de estar ó día só por gusto. É máis ben cuestión política, cuestión de cómo concibi-la política do signo e cómo entrar no dominio da significación en canto é escenario de loita política. É o caso que a formulación “medios da comunicación a xeito de definidores da realidade social” só admite unha política: aquela na que o poder dos sistemas supostamente distorsionadores da significación se opón á verdade, por medio dun sistema de significación que se esborra el propio ó permitir que o real fale a través del sen obstáculos nin modificacións. A obxección que se pode facer a isto non é só que sexa imposible. Tamén concibe mal a tarefa política, que non consiste en opo-la verdade á falsidade, senón en tomar posición en relación ós sistemas dominantes de significación (cuestión que só pode abordarse se o foco de análise se despraza da relación entre signo e “realidade” á relación entre signos, ó xogo de significación dentro do campo estruturado de relacións ideolóxicas).

BIBLIOGRAFÍA

(Consúltese no orixinal).